


Manuel María para todos

De quererdes aprender máis sobre Manuel María, autor homenaxeado este ano co Día das Letras Galegas, pódemos interesarnos este libro:

Conversas con Manuel María, de Xosé Manuel de Caño



É un libro de entrevista ao autor e vén acompañado dun CD no que o autor fala en cinco cortes das viaxes, de Uxío Novoneya, de Saleta, de Bernardino Graña e da Nova Canción Galega. A música completa o disco coas pezas "Cantiga de cego de Manuel María", "O meu idioma", "O cuco", "O mar enrola na area" e "O Camaleón".

Os soños na gaiola de Suso Vaamonde


Colección de poemas de Manuel María cantados polo seu compañeiro Suso Vaamonde. Esta colección recolle moitos dos seus poemas máis dirixidos aos pequenos.



Os lonxos do solpor, o seu último poemario, no que se mostran, con intensidade lírica, o tremor puro da palabra, a comunión coa terra amada ou a saudade polo tempo pasado e a crítica á dura e deshumanizada realidade do tempo presente. **Andando a Terra** un traballo musical sobre poemas de Manuel María realizado por Uxía,

Para toda a familia

Aínda quentiños, acabados de saír do forno, varios discos para fartarvos de bailar e cantar.



Un deles, **Aliboria** o de **Xosé Lois Romero & Aliboria** é unha forte descarga de percusión galega, mais unha percusión anovada. Un disco que, a pesar desta portada tan sinxela, non deixa indiferente a quen o escoita. Esa chave vai dar moito que falar.

Outro disco, **E isto é o amor de Caxade**, vai ser un dos máis escoitados nos festivais galegos. Neste segundo disco Caxade vai outra vez máis alá do folk e achégase ao pop, sempre cunhas letras moi orixinais e protestarias.



E se o que vos gusta é a poesía musicada, suxerímosvos este disco do grupo **Xardín desordenado** que se titula **Aprendendo a ladrar**. Nel, presentan unha colección de

cancións a partir dos poemas de moitas poetas galegas.



2016: Ano de Manuel María.

Foto: Xurxo Lobato


VERÁN 2016



O Equipo da Biblioteca deséxavos unhas felices vacacións.

Para aprender máis

Doblando las mates. Proyecto con papiroflexia de toda una tribu.



O profesor de matemáticas **Miguel A. Vidal** traballa as matemáticas desde a papiroflexia para facelas máis amenas e próximas ao seu alumnado do Proxecto de Diversificación Curricular.

¿A que altura está o ceo? de Jorge Mira

Unha nova entrega do físico e divulgador da ciencia **Jorge Mira**.


Neste volume vai respondendo a varias preguntas sobre a idade do universo, o seu tamaño, por que se expande, a que altura está o ceo, como se pode saber a que distancia están as estrelas... e moitas outras curiosidades.



Novelas de intriga e misterio

O asasinato da Pont-Rouge. Charles Barbara

Traducida do francés, é unha novela que se publicou a finais do século XIX e sitúase nas orixes da novela policial.




A acción desenvólvese en París, onde dous novos artistas bohemios conversan sobre a arte e a vida. Alén diso, o autor pon en escena un misterioso homicidio e achega unha moderna reflexión sobre o crime inexplicable.

O faro de Arealonga de Uxía Casal.

Cando un mide cento trece centímetros, é xornalista e ten un carácter impulsivo, as cousas non resultan fáciles. Arealonga, a vila natal pode ser un refuxio onde aclarar ideas, visitar vellos amigos e descansar coa familia. Pero o que agarda a Rosalía é unha trama chea de puntos escuros



Silencio de Fran Alonso



Silencio configúrase como unha novela de suspense, suspense que se intensifica de forma vertixinosa para presentarnos unha historia próxima ao misterio e ao desacougo urbano. Con esta novela descubrimos o arrepío que habita no ser humano contemporáneo con só rañar uns centímetros na cotra do cotián, na nosa vida doméstica.

Un pouco de todo

Unha nova entrega das viñetas de **Luis Davila, O Bichero V**; colección de debuxos inzados de retranca e humor para retratar o día a día.



Coma unha áncora de Iria Collazo

Unha novela sólida onde a presenza omnímoda do mar rexe, coas súas propias leis, as vidas dos protagonistas: os que están e os que xa non están. Un monllo de personaxes a vivir historias de amor e de resistencias que precisan, sempre, unha áncora que as amarre á esperanza.

Amor é unha palabra coma outra calquera de Francisco Castro

Carla, a protagonista desta novela, organiza a vida arredor do amor, do seu amor, do amor co que vive, do amor que soña, do amor que lle falta. O amor aprendido nas películas rosa, nas cancións melódicas, nas novelas cursis. Mais logo a cousa vai mudar, ou non?

